Resumo

Unidade 1

As mitoloxías e relixións, que hai que entender como produto duns determinados contextos económicos e sociais, tiveron un papel decisivo na orixe e formación de relatos. Tras dunha longa tradición oral, canalizadora das narracións, rexístranse logo por escrito en momentos concretos en que o poder político é condicionante. Todo o repertorio mítico constitúe así as primeiras literaturas.

As civilizacións *fluviais* (Mesopotamia, Exipto, India, China) son as que protagonizan esa avanzada situación cultural, entendible por un conxunto de características da súa infraestrutura *material*: fertilidade da zona, desenvolvemento demográfico e económico, aparición dos primeiros núcleos urbanos, poder político definido.

Estes factores obxectivos explican, en última instancia, a conformación da literatura. Como produto cultural que garda unha clara relación cun contexto sociopolítico concreto, a súa evolución tamén vai ter que ver coa dinámica histórica das áreas respectivas.

En todo caso, as primeiras literaturas constitúen ámbitos privilexiados de transmisión de ideas e visións do mundo e, neste sentido, son documentos imprescindibles para comprender as condicións e contextos onde se producen; á vez, representan a base ou o punto de partida para o propio desenvolvemento literario.

Literatura de Mesopotamia	Varios relatos (mitolóxicos, épicos, legais,etc). Sobre todo: - Enuma elish, Código de Hammurabi, primeiras fábulas e, fundamentalmente, o - Poema de Gilgamesh (xénero, argumento, personaxes, temas e motivos, cuestións formais, influencia).
Literatura de Exipto	- *Textos das pirámides* - *Textos dos sarcófagos* - *Libro dos mortos* - *Fábulas*. - Mención especial ao “Himno a Atón”
Literatura da India	Literatura védica: - Colección dos *samhita*. *Rigveda* (“Poema do Non-ser”), entre outros libros - *Brahmana*, *upanishad* e *vedanta*, Literatura posvédica - Épica: *Mahabharata*, *Ramayana* - Lírica: *Bhartrihari*, *Kalidasa*, *Amaru* - Teatro (*Kalidasa*) - Narrativa (*Panchatantra*). Tamén referencias á literatura budista.
Literatura do Irán	- Avesta e á figura de Zaratustra

Literatura árabe	- Primeiros textos preislámicos (qasida), - *Corán*; literatura posterior.
Literatura chinesa	- Textos “clásicos” (“ching”), as figuras de LaoTsé e Confucio.
Literatura viquinga	- As grandes colecciónes, *Eddas*, *Sagas*
Literatura celta	- *Lebor Gabála*, *Táin Bó Cualnge*, *Immrama*, *Mabinogion*